



Convocatoria de Asemblea Xeral ordinaria 2026

Benquerida/o socia/o,

Compráceme convocarte á Asemblea Xeral ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL).

- Día: **sábado 07 de marzo** de 2026
- Hora da primeira convocatoria: **10.00 h**
- Hora da segunda convocatoria: **10.30 h**
- Lugar: [Espazo Apego](#) (rúa República do Salvador, 12, 15701 Santiago de Compostela)

Orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior
2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas
3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión
4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas
5. Elección da nova Xunta Directiva
6. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio
7. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio
8. Rolda aberta de intervencións

Documentación para a Asemblea

Para que poidas preparar mellor as túas achegas e propostas e así facermos entre todas e todos una asemblea máis áxil, dinámica, participativa e produtiva, **unha semana antes da asemblea terás ao teu dispor no web a documentación necesaria.**

Antes diso, e tamén antes da asemblea, podes **remitirnos** ao enderezo info@ctnl.gal todas as **ideas e propostas** que teñas e que creas que a CTNL pode desenvolver, para así incluírmolas no informe de propostas de acción. Así e todo, lembra que sempre podes facer propostas e suxestións directamente durante a asemblea.

Nota: a documentación que estará dispoñible no web non se vai repartir impresa durante a Asemblea, para evitar un gasto de papel que adoita ser innecesario. Os/As socios/as que a necesiten para seguir os debates deben levala o día 7 de marzo en formato dixital ou impreso.



Elección da Xunta Directiva

Na Asemblea deste ano corresponde elixir unha nova Xunta Directiva. Segundo os estatutos da CTNL, a Xunta Directiva estará integrada por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a, un/unha tesoureiro/a e seis vogais (art. 24) e os cargos da Xunta Directiva terán unha duración de dous anos (art. 25).

Deste xeito, **poderanse presentar candidaturas á Xunta Directiva até 72 horas antes da Asemblea (até o mércores 4 de marzo, ás 10.00 h)**, para o que se deberá enviar a candidatura completa por correo electrónico a **info@ctnl.gal**; nela deberán figurar os nomes, apelidos e números de documentos de identidade dos/das socios/as que a compoñen, sempre contando co visto e prace desas persoas.

Atentamente,

Mónica Fernández Valencia, presidenta da CTNL

Pontevedra, 20 de febreiro de 2026

Xantar de confraternidade lingüística

O mesmo día da Asemblea da CTNL teremos un xantar aberto para socios/as e non socios/as, no cal nos gustaría moito contar coa túa participación.

- Lugar: Restaurante O Dezaseis (rúa San Pedro, 16)
- Hora: **14.30 h**
- Menú:

Entrantes: Iacón á feira con queixo Galmeán
Ensalada con ventresca de bonito
Revolto de cogumelos e gulas

Segundo prato a escoller entre:

Raia á galega ou Segredo de porco á grella con redución de viño Mencía
Sobremesa variada da casa
D.O. Ribeiro/D.O. Ribeira Sacra (dúas copas de viño por persoa)
Auga e café

- Prezo: **33 euros**
- Confirmación: agradecemos que **confirmes** a túa asistencia ao xantar e indiques o segundo prato o máis axiña posible e, en todo caso, até o **02 de marzo**, no enderezo **info@ctnl.gal** ou no teléfono **629571950**.

A continuación:

Paseo guiado por Compostela

A partir das 16.30 da tarde remataremos a xornada da asemblea cun paseo por Compostela guiado por Xosé Ramón López Boullón.

Duración aproximada: 1 hora

Para participar nesta actividade non é necesaria inscrición.